

No documento recóllense os criterios de avaliación para a PAU 2025 da materia 25-Xeoloxía e Ciencias Ambientais, tendo en conta as directrices curriculares de contidos e competencias establecidas no Decreto 157/2022 de 15 de setembro na Comunidade Autónoma de Galicia. A coherencia, a cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, poderán ser consideradas, de forma global, ata un máximo de 1 punto.

PREGUNTA 1. Máximo 2.5 puntos. Valorarase a elaboración dun texto informativo dirixido á cidadanía que inclúa os aspectos relacionados nos apartados 1.1, 1.2 e 1.3.

- 1.1. A inclusión de aspectos informativos relativos aos procesos de formación dun fósil, ata un máximo de 1 pto.
- 1.2. A inclusión de aspectos informativos relativos a outro método de datación xeolóxica diferente ao empregado co uso dos fósiles, tanto absolutos (por exemplo a datación con ^{14}C), como relativos (por exemplo a dendrocronoloxía), ata un máximo de 1 pto.
- 1.3. A inclusión de aspectos informativos relativos aos fósiles guía, e exemplos de fósiles guía característicos do Paleozoico, ata un máximo de 0,5 pts.

PREGUNTA 2. Máximo 2.5 puntos pola análise completa e fundamentada do diagrama conforme ao solicitado nos apartados 2.1 ou 2.2.

- 2.1. Máximo 2,5 puntos:
 - o 0,5 pts. por indicar de xeito razoado os tipos de contacto entre os materiais E-D (inconformidade), D-A (conformidade), C-Q2 (discordancia angular).
 - o 0,5 pts. pola correcta explicación da natureza, orixe e antigüidade relativa dos materiais nomeados coa letra Q (sedimentación, terraza fluvial, Q1 máis recente que Q2).
 - o 1 pto. por indicar, a clasificación das rochas (A: sedimentaria detrítica, B: sedimentaria detrítica, C: sedimentaria precipitación carbonatada, D: sedimentaria detrítica, E: metamórfica foliada).
 - o 0,5 pts. por sinalar, razoadamente, en cales das anteriores rochas sería posible atopar material fósil. Poden aparecer en todas, aínda que o máis frecuente será en calcarias e lousas.
- 2.2. Máximo 2,5 puntos por describir correctamente a historia xeolóxica, ordenando cronoloxicamente, do máis antigo ao máis moderno, os materiais que aparecen no corte xeolóxico, e os eventos tectónicos e erosivos ocorridos. 2,5 pts. se a orde cronolóxica é totalmente correcta; 1.75 se hai un erro; 1 se hai dous erros; 0 se hai máis de dous erros no ordenamento; réstase 0,3 por omisión de cada episodio de erosión.
 - o Secuencia: Depósito dos materiais sedimentarios finos que posteriormente deron lugar a lousas; pregramento e metamorfismo do material E; Erosión; Transgresión; Sedimentación dos materiais grosos que deron lugar aos conglomerados, Sedimentación dos materiais areosos que deron lugar ás areíscas; Sedimentación dos materiais finos que deron lugar ás lutitas; Precipitación carbonatada das calcarias; Formación da falla directa por esforzos distensivos e basculamento; Emersión; Erosión fluvial; Sedimentación de areas e gravas Q2; Sedimentación de areas e gravas Q1, coa formación de terrazas; Erosión actual.

PREGUNTA 3. Máximo 2.5 puntos polas explicacións correctas e razoadas do apartado 3.1 ou 3.2.

Pregunta 3.1.

- 3.1.1.:
 - o 0.75 pts. por: explicación razoada da orixe (punto quente) e tipo de magma (magma granítico).
 - o 0.75 pts. por indicar razoadamente e completar o Ciclo de Wilson a partires desta figura.
- 3.1.2.:
 - o 0.5 pts. por: indicar que se trata da formación dun Rift continental e explicar de forma razoada o seu proceso de formación.

XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS

- 0,25 ptos. por: citar un exemplo de rift contional.
- 0,25 ptos. por: indicar que se trata de fallas directas con esforzos distensivos.

Pregunta 3.2.

- 3.2.1.:
 - 0.75 ptos por: explicar e describir as partes dun acuífero.
 - 0.50 ptos por: explicar as diferenzas entre un acuífero confinado e un non confinado.
- 3.2.2.: 1.25 ptos por: explicar os impactos derivados da explotación da biosfera (contaminación e degradación de solos, deforestación, desertificación, perda da biodiversidade).

PREGUNTA 4. Máximo 2.5 puntos pola realización correcta do apartado 4.1 ou 4.2.

- 4.1.: máximo 2.5 ptos. 0.25 ptos. por emparellamento correcto
 - 1A, 1C, 2J, 3H, 4G, 4E, 5I, 6D, 7B, 7F
- 4.2.: máximo 2.5 ptos.: 0.5 ptos. por texto correctamente construído e con significado xeolóxico.

A modo de exemplo, aínda que pode haber outras redaccións e asociacións correctas:

1. Lousa / Grao de metamorfismo / Xisto

A lousa é unha rocha metamórfica de grao baixo que, ao aumentar o grao de metamorfismo, pode transformarse en xisto, caracterizado por unha foliación máis marcada e cristais máis visibles.

2. Horizonte A / Superficial / Humus

O horizonte A é a capa máis superficial do solo, rica en humus, cunha cor escura característica que reflicte a abundancia de materia orgánica e a intensa actividade biolóxica.

3. Textura / Vítreas / Rochas volcánicas

As rochas volcánicas poden presentar unha textura vítrea, resultado dun arrefriamento moi rápido do magma, que impide a formación de cristais e dá lugar a superficies lisas e brillantes.

4. Hidrólise / Meteorización / Silicatos

A hidrólise é un proceso clave na meteorización química dos silicatos, que transforma minerais primarios en novos compostos máis estables e contribúe á formación do solo.

5. Diaclase / Fractura / Desprazamento

Unha diaclase é unha fractura na rocha sen desprazamento apreciable entre os bloques, que facilita a penetración da auga e acelera os procesos de alteración e erosión.